



# PLAN DIXITAL

## CEIP EDUARDO ÁVILA BUSTILLO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

- 1. Introdución**
  - 1.1. Datos básicos do centro
  - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - 1.3. Breve xustificación do mesmo
  - 1.4. Proceso de elaboración
  
- 2. Situación de partida**
  - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
  - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
  - 2.3. Análise DAFO
  
- 3. Plan de Acción**
  - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
  - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
  
- 4. Avaliación do PD**
  - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
  - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
  
- 5. Difusión do PD**

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

A denominación oficial do centro é Centro de Educación Infantil e Primaria Eduardo Ávila Bustillo, cuxa dirección é a seguinte Rúa Entrecaldeiras, S/N no concello de A Veiga.

O enderezo electrónico do centro é [ceip.eduardo.avila@edu.xunta.es](mailto:ceip.eduardo.avila@edu.xunta.es) e a páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipeduardoavila/>.

O noso centro conta coas etapas educativas de Educación Infantil (unha aula na que se encontran escolarizados no curso 2021/22 6 alumnos entre os 3 cursos do segundo ciclo da citada etapa) e a etapa de Educación Primaria (nunha aula na que se encontran escolarizados 5 alumnos/as distribuídos no 1º, 2º, 3º, 4º e 6º nivel de dita etapa).

O claustro de profesorado está formado por 4 docentes, unha delas definitiva no centro e responsable do mesmo, unha mestra de EI e dous deles itinerantes con outro centro (CEIP San Martiño de Vilariño de Conso) os especialistas de PT e Lingua Estranxeira (Inglés). Ademais contamos cunha mestra itinerante (un día á semana) que imparte a materia de Relixión Católica.

O noso centro conta con un departamento de orientación adscrito segundo o establecido no D 120/98 ao CEIP BIBEI de Viana do Bolo, acudindo ao centro mínimo unha vez ao mes a orientadora para celebrar as pertinentes reunións do Departamento de Orientación, de xeito xeral, e cando se lle solicita por algún motivo relacionado con algunha das súas funcións.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, no que na maioría dos casos só traballa un dos proxenitores.

O PD formará parte do PE o vindeiro curso xa que, durante o curso 2021/2022 realizouse por parte do claustro as diferentes tarefas que levaron a súa redacción (Test SELFIE, Test CDD, Matriz DAFO e Plan de Acción), xa que estas permitiron xerar uns obxectivos básicos a acadar co noso alumnado, coas familias e, en xeral, coa totalidade da Comunidade Educativa.

Dito plan vai estar relacionado cos outros Plans e Proxectos do centro polo o seu carácter interdisciplinar e globalizado xa que, a tecnoloxía forma parte do noso día a día como mestres e cidadáns dunha sociedade globalizada así coma nas vidas do noso alumnado.

Estará máis vinculado co Plan TIC, e cos equipos de E-DIXGAL e ABALAR, así mesmo, coa PXAD xa que no momento de redacción de dito plan se tivo en conta a realidade, respecto as NEAE existentes no centro.

A partir do Plan de Acción realizado durante o presente curso 2021/22, o Plan Dixital formará parte da Programación Xeral Anual do vindeiro curso 22/23 o que fomentará a realización de diferentes actividades (obradoiros, charlas-coloquios, formación do profesorado e familias...) que permitan unha consecución positiva dos obxectivos formulados.

Para a consecución de ditos obxectivos, durante o vindeiro curso terá en conta as diferentes actividades aquí recollidas para plasmarlas nas súas programacións didácticas, tanto de xeito interdisciplinar e globalizo como en cada unha das áreas e/ou materias de xeito individual.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A xustificación legislativa do noso plan é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente Plan Dixital realizáronse as seguintes actividades:

1. A Coordinadora do Equipo de Dinamización do Plan Dixital estableceu os diferentes ítems que formaron parte do Test SELFIE.
2. Realización por parte do claustro e alumna de sexto do Test SELFIE.
3. Realización por parte do claustro do TEST CDD.
4. Asistencia á videoconferencia de formación para a realización da MATRIZ DAFO.
5. Realización da MATRIZ DAFO.
6. Asistencia á videoconferencia de formación para a realización do PLAN DE ACCIÓN.
7. Realización do PLAN DE ACCIÓN.
8. Redacción do PLAN DIXITAL.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso claustro configurouse de novo o 1 de setembro de 2021, xa que ata este momento estaba formado por mestres interinos e non había ninguén definitivo.

Durante o presente curso, non realizamos ningún programa de innovación e o emprego do ámbito das novas tecnoloxías foi o básico dentro dun centro educativo (emprego de E-DIXGAL, aula virtual, cisco Webex).

O centro contaba con este material TIC:

- 4 PDIS.

- 4 proxectores (un dos mesmos colocado debaixo dunha mesa no chan e sen unha correcta instalación que previra posibles riscos no alumnado).

- 3 ordenadores de mesa.

- 2 ordenadores portátiles.

- 6 ordenadores portátiles para mestres (E-DIXGAL) e 5 ordenadores portátiles para alumnado (E-DIXGAL) e carro de carga.

- 1 ordenador portátil que funciona cunha tarxeta de teléfono de datos.

Con data 1 de setembro de 2021 o centro contaba cunha aula deshabilitada cuxo obxectivo anterior era a de aula de informática. As dotacións tecnolóxicas eran deficitarias e obsoletas, polo que o claustro decidiu (tras a pertinente consulta ao servizo de Inspección Educativa) reubicar dito material inservible. Asemade, contamos cunha aula E-DIXGAL, dado que no quinto e sexto nivel de EP empregamos dita metodoloxía.

Os servizos de conectividade son eficaces, dado que o centro conta cunha boa rede de internet por cable (na sala de mestras e no despacho de dirección) e tamén de rede Wi-fi.

As plataformas empregadas polo centro son aquelas que contan coa debida protección de datos persoais a cargo da Consellería de Educación: AbalarMóbil, Cisco Webex e Aula Virtual. O novo claustro, decidiu deixar de empregar a aplicación de pago Tokkapp que ata ese momento empregouse como xeito de comunicación coas familias.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE:** incluímos un **resumo das áreas** do informe SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado					
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.					
	Profesorado	4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.					
	Profesorado	3,1				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	4,3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.					
	Profesorado	2,4				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					
	Profesorado	4,6				
	Alumnado	5				

- **Test CDD:**

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	1	1	100%

<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>INTERINO</b>	2	2	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	0	0	0%
<b>DESPRAZADO</b>	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
50	Explorado/a	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I.	50	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
E.P.	48	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	25%
<b>A2</b>	2	50%
<b>B1</b>	1	25%
<b>B2</b>		
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	4	100%



### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATE-	LIDERADO	Desenvolvemento da estratexia co profesorado (o noso claustro está disposto a desenvolver a nosa actividade a partir das ferramentas proporcionadas). Novas modalidades de ensinanza (o claustro sabe modificar a súa metodoloxía á nova situación derivada da Covid-19 na que cómpre unha ensinanza virtual).	Tempo para explorar a ensinanza dixital (somos un claustro moi pequeno, con un alumnado que demanda moita atención e o noso horario non conta con tempo para desenvolver de xeito autodidacta ou mediante cursos as oportunidades que ofrece internet).
	COLABORACIÓN E REDES	Avaliación do progreso (dado que o número de alumnos que empregan E-Dixgal é pequeno, podemos prestar unha atención individualizada ao seu progreso). Debate sobre o emprego da tecnoloxía (o claustro comparte os seus coñecementos nesta materia cando cómpre para levar a cabo unha metodoloxía común).	
	INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS	Dispositivos dixitais para a ensinanza (contamos con dispositivos informáticos suficientes para o noso alumnado). Acceso a internet (o acceso, pese a estar nunha zona rural é bo e conta con boa cobertura e velocidade). Dispositivos dixitais para a aprendizaxe (contamos con ordenadores suficientes para o noso alumnado). Dispositivos para o alumnado (contamos con un para cada neno na etapa de EP).	Infraestrutura (o centro non conta coas instalacións de mobiliario suficientes para que o alumnado poda realizar as aprendizaxes de maneira cómoda).  Dispositivos dixitais para a ensinanza (pese a ser un centro E-Dixgal, non temos pizarras dixitais para todas as aulas na que os alumnos realizan sesións de ensinanza-aprendizaxe).
	DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO	Necesidade de DPC (o profesorado é consciente da necesidade de desenvolver actividades para continuar a súa formación para adaptarse as novas necesidades do alumnado e da vida enxeral). Participación no DPC (o profesorado	

		<p>quere participar en actividades de aprendizaxe para eles, buscando a melloría na súa actividade profesional aínda que, o tempo é insuficiente). Intercambio de experiencia (o profesorado comparte os seus coñecementos cando o tempo dispoñible o permite).</p>	
	<p><b>PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS</b></p>	<p>Recursos educativos en liña (coñecemos e empregamos recursos dixitais motivadores para o alumnado). Creación de recursos dixitais (a pesar dos poucos coñecementos que temos, gustaríanos aprender máis para poder ser creadores de contido). Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe (o centro conta coa metodoloxía E-Dixgal da que as mestras posuímos os coñecementos precisos para levala a cabo de xeito favorable)</p>	<p>Comunicación coa comunidade educativa (debido a situación actual, a comunicación debe ser na súa maioría de xeito telemática o que aquí supón unha debilidade dado que a maioría das familias do noso alumnado non posúe as habilidades informáticas precisas para levalo a cabo).</p>
	<p><b>PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA</b></p>	<p>Adaptación ás necesidades do alumnado (as mestras somos conscientes de que cada alumno/a é diferente e presenta unhas necesidades diferentes ás que temos que dar resposta en por da súa aprendizaxe e desenvolvemento na totalidade das áreas de coñecemento así como nas competencias). Implicación do alumnado (a pesar da diferenza de valoración entre os alumnos e o claustro, o alumnado ao realizar as súas tarefas con ordenador motivase moito). Colaboración do alumnado (os nenos/as colaboran no seu aprendizaxe grazas á aportación motivadora do emprego de recursos dixitais).</p>	<p>Fomento da creatividade (debido á falta de tempo, poucas veces podemos propoñer e lavar a cabo actividades en por de fomentar a imaxinación e a súa creatividade). Proxectos interdisciplinares (debido, unha vez máis, a falta de tempo así coma as características do grupo de primaria, na que se encontran escolarizados 5 nenos e cada un nun nivel diferente, e na que as materias están desenvolvidas por diferentes mestras, existe unha gran complexidade para levar a cabo proxectos deste tipo).</p>
	<p><b>PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN</b></p>		<p>Avaliación das capacidades. Retroalimentación adecuada. Autorreflexión sobre a aprendizaxe. Comentarios a outros/as alumnos/as sobre o seu traballo. Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe. (Dadas as características do</p>

			centro: zona rural moi apartada de grandes núcleos de poboación, poucos recursos dentro e fóra da escola, grupos moi reducidos e mixtos, a realización da avaliación dun xeito innovador é moi complexo).
--	--	--	---

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	LIDERADO	Estratexia dixital (dado que as ferramentas dixitais que empregamos e das que dispoñemos son as proporcionadas pola Consellería)	
	COLABORACIÓN E REDES	Colaboracións (nalgúns casos a colaboración coa comunidade educativa é produtiva e satisfactoria para o conxunto).	Colaboracións (nalgúns casos a colaboración coa comunidade educativa non é produtiva e satisfactoria para o conxunto dado que as reunións e convivencias presenciais neste momento están comprometidas).
	INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS	Asistencia técnica (o alumnado considera que a asistencia técnica que recibe por parte do seu profesorado é axeitada as súas necesidades). Protección de datos (o profesorado é consciente da importancia da protección dos datos amplamente sensibles que manexa e, por iso, emprega unicamente as aplicacións proporcionadas pola Consellería de Educación para garantir a protección dos mesmos).	Asistencia técnica (o profesorado non considera que a asistencia técnica proporcionada dende a Consellería de Educación sexa a axeitada, xa que en ocasións vémonos totalmente illados e sen axuda)

	<b>DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO</b>		
	<b>PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS</b>		
	<b>PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA.</b>		

### 3. Plan de Acción

Tras a análise da matriz DAFO, o grupo de traballo estableceu as áreas prioritarias para a súa mellora dado que a puntuación directa e porcentual estaba por debaixo da media establecida. Ademais, establecéronse obxectivos que consideramos esenciais para pór en marcha co noso alumnado en por de mellorar as súas habilidades en rede tendo sempre presente a súa seguridade e con actitude de respecto cara os iguais.

A continuación, reflectimos as táboas cos obxectivos, o seu punto de partida e previsión de cumprimento (nivel final de puntuación, temporalización) e as diferentes acción a desenvolver dentro de cada obxectivo, os recursos precisos (tanto materiais coma humanos).

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación, detállanse, nunhas táboas, os obxectivos, indicadores e acción do noso Plan de Acción:

### Obxectivo 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

<b>“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN EN REDES</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Aumentar as habilidades informáticas nas familias.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	A responsable do centro.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Consecución dunha competencia dixital adecuada na comunicación co centro.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Familias que posúen ditas competencias (60%)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% de familias que contan cunha formación básica adecuada.			30- xuño-2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Realizar un obradoiro para a formación dixital básica das familias.</b>	Responsable do centro.	22-decembro-22	Ordenadores Aula de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Aumentar a formación das familias en Cisco Webex y aula virtual.</b>	Responsable do centro.	2- abril- 23	Formación a través do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Formación en comunicación informática (correo electrónico, emprego das ferramentas Office...).</b>	Responsable do centro	22 – xuño - 23	Formación a través do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Obxectivo 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar a creatividade do alumnado.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de obradoiros de fomento da creatividade.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 obradoiros/proxecto dixital levados a cabo.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	6 obradoiros/proxecto dixital levados a cabo durante o curso.			30-xuño-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Obradoiro de ensinanza de habilidades gráficas (power point, emprego de CANVA, Kahoot ...)</b>	Mestre coordinador do equipo de TICS	22-decembro-22	Paquete libre Office Ordenadores Formación do profesorado PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Obradoiros de ensinanza de diferentes artes plásticas (acuarela, témpera, papel machè...)</b>	Claustro que incida nos grupos.	Dende o 8 de setembro do 2022 ao 22 de xuño do 2023	Ordenadores Aula virtual Códigos QR Páxina web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### Obxectivo 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: IMPLMENTACIÓN NA AULA						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Implementar proxectos interdisciplinaís.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro docente				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Creación dun proxecto interdisciplinar ao longo do curso.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 proxectos interdisciplinaís levados a cabo.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 proxectos interdisciplinaís levados a cabo.					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.2: Posta en marcha dun proxecto interdisciplinar.</b>	Claustro (especialmente os mestres/as implicados nas áreas e/ou materias).	Dende o 8 de setembro do 2022 ao 22 de xuño do 2023	Ordenadores Aula virtual Proxectores Cisco Webex PDI Formación PFPP Páxina web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Obxectivo 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Acadar un comportamento seguro e responsable na rede.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Observación dun comportamento seguro e responsable na rede no alumnado.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Corrixir diferentes actitudes en rede irresponsables observadas no alumnado.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Autoavaliación de diferentes comportamentos na rede, propios e alleos a nós mesmos.			30-xuño-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Determinar as actitudes a mellorar no alumnado con respecto á súa seguridade na rede.</b>	Claustro	22-decembro-22	Ordenadores Formación PFPP Colaboración con outras institucións alleas á Educación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Comunicar (dixitalmente) ás familias as actitudes perigosas do alumnado no tocante ao comportamento na rede.</b>	Profesorado titor dos grupos	Dende o 8 de setembro do 2022 ao 22 de xuño do 2023	Ordenadores Correo electrónico Aula virtual Abalar Cisco Webex		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Implementar ABALAR nas familias para a comunicación de estas actitudes.</b>	Profesorado titor dos grupos	Dende o 8 de setembro do 2022 ao 22 de xuño do 2023	Ordenadores ABALAR Cisco Webex Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto as necesidades de mellora, en relación as infraestruturas dixitais, necesítanse mellorar as conexións cableadas, xa que en determinadas aulas, se queremos por ordenadores de mesa, non podemos conectalos a internet, debido que non dispomos de internet por cable e ditos dispositivos non poden conectarse á rede WI-FI do centro (asemade de que a mesma, en ocasións non recoñece os usuarios e/ou contrasinais do correo corporativo). Dita necesidade xa foi remitida a AMTEGA.

Por outra banda, en canto aos equipamentos tecnolóxicos, dadas as características do noso centro, no que se atopan escolarizados a totalidade do alumnado de educación primaria, en ocasións compre a realización de desdobres co obxectivo de proporcionarlles unha atención educativa de calidade, baseada nas súas necesidades persoais, polo que é urxente a dotación para o centro educativo dunha PDI para contar con unha nas dúas aulas nas que o alumnado da citada etapa recibe as sesións escolares. Dita necesidade susténtanse nos principios educativos de igualdade de oportunidades e equidade na educación, asemade ten o obxectivo de proporcionar ao alumnado unha competencia dixital acorde ás necesidades da vida diaria, dado que é unha competencia recollida na vixente lei educativa, nos Reais Decretos que desenvolven o currículo e os decretos de currículo autonómicos, sen esquecer a importancia da aprendizaxe baseada no ensaio-erro e no modelado e moldeado (collendo como modelo aos propios compañeiros coma aos mestres)

## 4. Avaliación do plan

Dentro das anteriores táboas de obxectivos, temos reflectido o xeito de avaliación do mesmo, establecendo en todos os obxectivos tarefas trimestrais, polo que mínimo con esa frecuencia reunirase o grupo de traballo responsable da posta en marcha do presente documento .

Para a avaliación final, farase unha comparación entre o punto de partida e o acadado ao finalizar o curso no que se porá en marcha dito plan, e, a partir da mesma, estableceranse as pertinentes propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

A difusión do presente plan, farase empregando as ferramentas ofertadas pola Consellería de Educación: páxina web do centro e aula virtual tras a súa aprobación por parte do Consello Escolar.

No caso de que algunha das familias do centro solicite unha copia do documento de forma física, estará a disposición das mesmas no centro educativo.